



Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (en diante Orde Celga) (DOG núm. 34, do 19 de febreiro).

O Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia fai compatible o carácter obrigatorio do estudo da materia da lingua galega en todos os niveis educativos non universitarios con determinadas causas taxadas que xustifican o réxime das exencións posibles, segundo a regulación prevista nos artigos 18 e 19 daquela norma, que se caracterizan pola concorrencia dos seguintes requisitos:

- a) Que a xustificación da exención atope fundamento nunha circunstancia obxectiva de incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia.
- b) Que o alumnado de nova incorporación proceda doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro.
- c) Que a incorporación *ex novo* ao sistema educativo de Galicia se produza no terceiro ciclo de educación primaria, na educación secundaria obrigatoria ou no bacharelato.

A exención do estudo da materia da lingua galega nos diferentes niveis e etapas dos estudos non universitarios, polo seu carácter restritivo, non se pode estender a aqueles supostos nos que o alumnado realizase estudos en Galicia, e que curse fóra da comunidade autónoma **tres cursos completos ou menos** e se reincorpore posteriormente ao sistema educativo galego, xa que neste caso a volta ao sistema educativo en Galicia non pode interpretarse como unha incorporación *ex novo*, senón como unha reincorporación para a que non está prevista a exención.

Pola súa banda, a Orde Celga concilia a regulación das exencións do galego segundo o previsto na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega (en diante Orde de exención da lingua galega), coa posibilidade de obter a validación das competencias adquiridas no coñecemento da lingua galega naqueles supostos nos que o alumnado realizase un curso dos seus estudos regrados fóra de Galicia.

Polo exposto, cómpre ofrecer criterios interpretativos dalgún dos preceptos das referidas ordes para adaptar a súa aplicación ao ámbito de actuación que lle corresponde:

Primeiro. Exención do estudo da lingua galega e a obtención da validación dos estudos de galego cando se realice un curso dos estudos regrados fóra de Galicia.

A Orde de exención da lingua galega no seu artigo segundo, na regulación que fai dos principios xerais, deixa fóra do seu ámbito de aplicación todo o alumnado que realizase estudos en Galicia, e que curse fóra da comunidade autónoma **tres cursos completos ou menos** e se reincorpore ao sistema educativo galego.

Tal consideración deriva do carácter obrigatorio do estudo da materia de lingua galega en todos os niveis educativos do sistema educativo en Galicia e por iso hai que cursar e superar todos os cursos que dan dereito a título. Porén, poderase obter igualmente a validación aínda que se cursase un dos anos fóra de Galicia no suposto previsto no punto 4.a) do anexo I da Orde Celga.

O artigo 10.2.b) da Orde Celga establece o seguinte:

“As persoas titulares das secretarías dos centros de titularidade pública que custodian as actas de cualificación, logo da correspondente solicitude da persoa interesada que cumpra os requisitos establecidos no anexo I, expedirán (...) as validacións das competencias en lingua galega que se corresponden con estudos de galego da ESO, FP I, FP II e bacharelato cursados en Galicia, respecto do alumnado que realizase un dos anos fóra do territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando este non sexa o último e cumpra cos requisitos establecidos no punto 4.a do anexo I.”



Os requisitos que deben concorrer para emitir a validación que se corresponde co Celga 4 son os seguintes:

- a) Que o curso realizado fóra de Galicia non sexa o último da etapa.
- b) Que o alumnado afectado estea en posesión do título de bacharelato ou FPII.
- c) Que o alumnado afectado non solicitase a exención da materia de lingua galega en ningún dos cursos anteriores.

Segundo. Resolucións das solicitudes de exención nos centros docentes privados e privados concertados que imparten educación primaria e secundaria e non teñen un centro público de referencia ao que estean adscrito.

O artigo 7.2 da Orde de exención da lingua galega prevé o seguinte:

“No caso dos centros docentes privados e privados concertados que imparten bacharelato, a resolución correspóndelle á persoa titular da dirección do centro público ao que estea adscrito”.

Quedan fóra de regulación os centros docentes privados e privados concertados que imparten educación primaria e secundaria e non teñen un centro público de referencia ao que estean adscritos.

Nestes supostos, en virtude da disposición derradeira primeira da Orde de exención da lingua galega, a prol do principio de seguridade xurídica, e para velar pola efectividade da norma, a resolución da exención será ditada pola persoa responsable da xefatura de inspección do ámbito territorial correspondente da consellería con competencias en materia de educación.

As resolucións –tres copias– que dite a persoa responsable da xefatura de inspección do ámbito territorial correspondente enviaránselle ao director ou á directora do centro educativo. Unha das copias entregaráselle ao alumno ou alumna ou ao seu representante legal, se é menor de idade, a segunda engadiráselle ao expediente do alumno ou da alumna, e a terceira seralle devolta polo centro educativo á xefatura territorial xunto co xustificante de recepción, no prazo máximo de dez días, desde que teña constancia do xustificante de recepción.



Terceiro. Validación dos estudos de galego na educación secundaria para persoas adultas (ESA).

A Orde Celga no **apartado 3 c) do anexo I** establece que poderán obter a validación dos estudos de galego equivalente ao Celga 3:

“Aqueles persoas que teñan aprobado o ámbito de comunicación –no que estea incluída a materia de Lingua Galega– en todos os cursos académicos da etapa de educación secundaria para persoas adultas e que estean en posesión do título de graduado en ESO”

Segundo a Orde do 24 de xuño de 2008 (DOG núm. 142, do 23 de xullo de 2008) pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia, as ensinanzas conducentes á obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria estrutúranse en dous niveis, I e II, organizados de forma modular en tres ámbitos que, pola súa vez, constan de catro módulos constituídos por contidos diferentes de carácter interdisciplinar. Estes módulos presentan unha temporalización académica cuadrimestral, de maneira que dous módulos (módulo 1 e 2) se corresponden co primeiro nivel e os dous seguintes (módulos 3 e 4) co segundo. Cando a Orde Celga indica **todos os cursos académicos**, fai referencia aos **catro módulos** que conforman o plan de estudos para a consecución de graduado en ESO para as persoas adultas (ESA).

Pola súa banda, a Orde do 24 de xuño de 2008 prevé a posibilidade dunha avaliación inicial para que as persoas adultas se integren, de ser o caso, nos módulos superiores (módulo 3 ou 4), posibilidade que garante a superación dos contidos dos módulos anteriores, se estivese incluída á materia de Lingua Galega.

En consecuencia, pódese concluír este punto precisando o seguinte:

a) O alumnado da ESA obterá a validación polo certificado de lingua galega 3 (Celga 3) se estivese en posesión do título de educación secundaria obrigatoria e superase o ámbito da comunicación polo menos nos módulos 3 e 4, sempre que formase parte do devandito ámbito a materia de Lingua Galega e o alumno ou alumna a cursase.

b) Polo que se refire á comprobación dos estudos cursados anteriormente, deberá terse en conta que a integración nun módulo determinado garante a superación dos contidos dos módulos anteriores do mesmo ámbito, incluída a materia de Lingua Galega.

c) A validación do Celga 3 tamén lle corresponderá, de ser o caso, ao alumnado que se incorpore á ESA en Galicia desde outras comunidades autónomas cando supere polo menos os módulos 3 e 4 do ámbito de comunicación, curse a materia de lingua galega do devandito ámbito e acade o título de graduado en ESO.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 2014

O secretario xeral de Política Lingüística



Valentín García Gómez